



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo 11 de maio de 2021, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO POR CONCURSO OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL COMO PEÓN-TRACTORISTA DO CONCELLO DE VILASANTAR.

EXPEDIENTE TEDEC: 2021/G003/000104 (Decreto).

Visto que mediante o decreto de Alcaldía nº 96/2021, de 30 de abril de 2021, se aprobaron as bases para a contratación e creación dunha bolsa de emprego municipal para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo de peón-tractorista do concello de Vilasantar e se procedeu á súa convocatoria.

Vista a publicación no BOP n.º 83 de data 05/05/2021, outorgando o prazo de 5 días naturais para presentación de solicitudes a contar dende o día seguinte a esta publicación.

Vista que o aspirante presentado cumpre o requisitos esixidos e segundo a base oitava “ no caso de que todas as persoas resulten admitidas publicase directamente a listaxe definitiva”, polo que se publica a listaxe definitiva.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

Primeiro.- Abocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Admitir definitivamente ó aspirante presentado que se relaciona a continuación para ó proceso selectivo para a contratación e creación dunha bolsa de emprego municipal para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo de peón-tractorista do concello de Vilasantar:

DNI	NOME E APELIDOS
53303899L	Gómez Vázquez Gonzalo

Terceiro.- Segundo se establece no punto 9 das bases da convocatoria, o Tribunal Cualificador estará formado polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público:

- Presidenta: M^a Montserrat Vázquez Varela, traballadora social do Concello de Vilasantar.
- Suplente de Presidenta: M^a Hermitas Sánchez González, traballadora social do Concello de Sobrado
- Secretaria: M^a Isabel Novo López, funcionaria do Concello de Vilasantar



- Suplente Secretaria: Jesús Ramón Varela García, operario de servizos múltiples do Concello de Sobrado.
- Vogal: Alberto Lavandeira Fontecoba, peón do Concello de Vilasantar.
- Suplente: Elisabeth Rodríguez López, técnica deportiva do Concello de Vilasantar.
- Vogal: M^a Trinidad Veiras Freire, técnico de cultura e información xuvenil do Concello de Vilasantar
- Suplente: María Chao Carballeira, secretaria do Concello de Vilasantar
- Vogal: Ana Belén Vázquez Garea, técnica de intervención familiar do Concello de Vilasantar
- Suplente: Mercedes Costoya Cortés, auxiliar administrativa de servizos sociais do Concello de Vilasantar.

Convócase ó tribunal cualificador para o 12 de maio de 2021 ás 12:30 na casa consistorial do Concello de Vilasantar.

Quinto.- Convocar ó aspirante admitido definitivamente, segundo se establece no punto 6 das bases da convocatoria, para realizar unha proba práctica deberá presentarse na casa do Concello de Vilasantar o 12 de maio de 2021 ás 13:00 horas .

Sexto.- Publicar a presente Resolución na páxina Web do Concello de Vilasantar e no taboleiro de anuncios do Concello.

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínoa a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria – Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE